

Sousa, Xulio / Marta Negro Romero / Rosario Álvarez (eds.) (2014): *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

O volume *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa* recolle dez artigos elaborados a partir de traballos presentados no simposio organizado polo Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela, do 28 de novembro ao 3 de decembro de 2013. No limiar da obra os editores sinalan que a súa intención foi abordar desde un enfoque multidisciplinar (lingüístico, histórico e antropolóxico) o estudo da fronteira galego-portuguesa como un lugar de convivencia e intercambio.

Os tres traballos que encabezan o libro serven como marco contextualizador da situación lingüística da fronteira, os dous primeiros pertencen ao ámbito da historia e o terceiro ao da antropoloxía. No primeiro artigo (“*A flumine mineo usque in tagum: os camiños diverxentes de Galicia e Portugal na Alta Idade Media (700-1100)*”), do profesor de historia medieval da USC Carlos Baliñas Pérez, faise un repaso das divisións territoriais e políticas que tiveron lugar nos territorios que hoxe coñecemos como Galicia e Portugal, desde o Imperio romano até o século XII, cando Portugal se constitúe como reino independente. A partir de feitos documentados e de testemuñas históricas, o autor cuestiona a lectura tradicionalmente estendida da separación administrativa entre Galicia e Portugal como un avatar circunstancial da historia.

No segundo traballo, “A fronteira galego-portuguesa”, Luís Manuel García Mañá –funcionario do Ministerio do Interior, escritor e membro correspondente da Real Academia Galega– continúa coa análise histórica da fronteira, desde o Tratado de Alcaciñes (1297) ata o Tratado de Límites (1864). Analízase a situación de territorios integrados por aldeas galegas e portuguesas, como o Couto Mixto e os pobos promiscuos, ambos extintos desde o Tratado de Lisboa.

A antropóloga da Universidade Nova de Lisboa, Paula Godinho, fai a súa achega ao estudo do Tratado de Límites, analizando os textos preparatorios deste acordo, no artigo que ten por título “Fronteira, políticas de centro e prácticas da cultura: o «Tratado de Límites» de 1864, o interese dos estados e a resistencia das poboacións”. A autora repara na incompatibilidade xurdida entre os intereses das poboacións locais da fronteira e a necesidade de España e Portugal de fixar os seus límites territoriais.

Os sete artigos seguintes son estudos de carácter lingüístico. O primeiro deles (“Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá”), asinado polas investigadoras do ILG Irene Santos Raña e Soraya Suárez Quintas, supón unha interesante achega ao ámbito da dialectoloxía perceptiva, unha disciplina pouco explorada nos estudos sobre o galego.

As autoras achéganse á área sur da provincia de Ourense próxima ao territorio de fala portuguesa, co fin de aplicar dúas perspectivas de análise perceptiva: a xeográfica (a percepción que teñen as persoas que viven nesa área das linguas e variedades dialectais próximas) e a avaliativa (as avaliacións dos falantes sobre as mesmas variedades). Incídese na importancia de coñecer e analizar as reflexións metalingüísticas, as actitudes e as percepcións dos falantes no marco da investigación dialectal e sociolingüística. Para este estudo realizáronse 21 enquisas, consistentes nun cuestionario de preguntas e unha entrevista dirixida, en vinte e unha localidades rurais de concellos ourensáns próximos á fronteira portuguesa.

Na análise dos resultados, as autoras observan que os informantes presentan dificultades para identificar a variedade xeográfica do galego que consideran máis correcta, porén observan unha maior tendencia dos informantes a sinalar unha variedade allea. As autoras indican que isto pode deberse a que os informantes non teñan claro o referente normativo da lingua galega. Outro dos resultados sinalados é unha maior tendencia dos informantes a identificar a variedade dialectal propia como a variedade máis agradable. A maioría dos enquisados consideran que o galego e o portugués da raia son variedades diferentes, o que pode estar motivado polo feito de que a identidade lingüística propia se

constrúe por oposición á do outro. Con todo, os mesmos falantes xulgan sempre como moi próximas as variedades faladas dos dous lados da fronteira.

O seguinte artigo, “As entoacións galega e portuguesa: a fronteira á luz da dialectometría e da percepción”, presenta unha investigación enmarcada no proxecto AMPER –Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico. O traballo ten como obxectivo determinar se existe unha fronteira prosódica entre as variedades galegas e portuguesas da raia. O estudo presenta a análise dialectométrica de enunciados interrogativos de variedades lingüísticas próximas á fronteira e unha investigación perceptiva para a validación dos resultados obtidos.

Segundo sinalan as autoras, a profesora Elisa Fernández Rei da USC e as profesoras Lurdes de Castro Moutinho e Rosa Lúcia Coimbra da Universidade de Aveiro, a análise dialectométrica confirma a existencia dunha área en Galicia, a zona das Rías Baixas e o Baixo Miño, que presenta similitudes coa entoación portuguesa das variedades máis próximas. Tamén identifican semellanzas entre a entoación do galego común e unha área portuguesa descontinua e pouco definida. Na análise perceptiva observan que os xuíces teñen dificultades para distinguir entre variedades galegas e portuguesas e que, ademais, non encontran as similitudes entre as variedades do galego común e certas variedades do portugués que se recoñecen na análise dialectométrica. Nas conclusións, indícase que esta investigación abre moitas interrogantes sobre a variación prosódica nas dúas linguas e denota a necesidade de profundar nestes aspectos. Finalmente, fórmulase a seguinte hipótese: «(...) as semellanzas prosódicas entre o galego e o portugués poderían transcender a fronteira e mesmo vincular historicamente estas dúas linguas co complexo lingüístico astur-leonés.» (p. 140).

As autoras da seguinte contribución (“De Vilanova de Arousa a Vilanova de Foz-Côa: a fronteira galego-portuguesa a estudo a partir dos materiais do ALPI”), Rosa Mouzo Villar e Carolina Pérez Capelo, investigadoras do ILG, ofrécennos, a partir de materiais do ALPI recollidos nos anos 30 do século pasado, unha panorámica xeolingüística das áreas máis próximas á fronteira galego-portuguesa. Para este estudo seleccionaron preguntas relacionadas con diversos ámbitos lingüísticos (fonético, morfosintáctico e léxico) e que presentasen diversidade dialectal. Na procura de obxectividade, escolleron tanto aspectos lingüísticos que amosan continuidade como aspectos que amosan descontinuidade entre as variedades galegas e portuguesas máis próximas á raia. Segundo sinalan, o obxectivo da investigación non é ofrecer argumentos a favor ou en contra dunha maior ou menor proximidade entre o galego e o portugués, senón achegar novos datos que permitan enriquecer o coñecemento da realidade lingüística das áreas galegas e portuguesas próximas á fronteira.

Por unha parte, os resultados obtidos na investigación indican que a fronteira administrativa galego-portuguesa xoga un papel determinante na distribución dialectal das variantes. É o caso da gheada, os sufixos modotemporais *-ra* e *-se* na forma verbal da prótese das oracións condicionais ou elementos léxicos como *vaso/copo*. Por outra parte, os resultados da análise tamén indican continuidade entre as variedades do galego e do portugués, como a delimitación dos fonos [v] e [b], a posición do clítico ou o léxico empregado para denominar algunhas realidades como *embudo/funil*.

Na introdución do artigo, indícase que na investigación realizada se tiveron en conta outros materiais diferentes ao ALPI pero que os resultados que se presentan proceden unicamente deste atlas. Seguindo a estela iniciada por Mouzo Villar e Pérez Capelo, pensamos que sería moi interesante que se realicen no futuro investigacións que completen e contrasten a información que achega o ALPI sobre os aspectos estudados no artigo con datos doutras fontes xeolingüísticas. Traballo deste tipo servirían para reafirmar a distribución xeográfica dos trazos dialectais extraída a partir das respostas do ALPI ou, pola contra, para inferir unha distribución completamente diferente.

No seguinte traballo –“(Des-)continuidade de léxico dialectal na fronteira galego-portuguesa”–, vólvese a tratar o léxico da fronteira, agora desde unha perspectiva propedéutica como indica o propio autor, o investigador da Universidad de Alcalá, Xosé Afonso Álvarez Pérez. Nesta contribución, preséntase unha revisión dos materiais con que se conta para o estudo dialectal do galego e do portugués, indícanse as potencialidades e limitacións destas fontes e suxírense algunhas liñas de traballo. O autor móstrase moi crítico co tratamento metodolóxico dado aos datos que ofrece o ALPI nalgúns traballos contrastivos do léxico dialectal galego e portugués. Tamén se sinalan dúas ferramentas que

poden contribuír a un mellor coñecemento da variación do léxico dialectal destas dúas linguas: o Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués, coordinado desde o ILG, e unha iniciativa conxunta do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa e o ILG para redactar un atlas lingüístico galego-portugués a partir dos datos do Atlas Lingüístico Galego (ALGa) e do Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG).

O oitavo artigo do volume, “Variação sintáctica em Portugal e a fronteira com a Galiza”, supón un interesante contributo ao estudo da variación sintáctica. O traballo de Sílvia Afonso Pereira, investigadora do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, presenta un dobre obxectivo: caracterizar un conxunto de estruturas sintácticas do portugués non consideradas como propias da variedade estándar e identificar áreas sintácticas galego-portuguesas. Para a identificación das estruturas, a autora baseouse no Corpus Dialectal para o Estudo da Sintaxe (CORDIAL-SIN) e para determinar se están presentes no galego recorreu a fontes diversas. A maioría dos aspectos estudados distribúense en áreas que mostran continuidade entre as variedades raianas, o que para a autora se explica polo pasado compartido entre as dúas linguas.

O artigo titulado “Os verdadeiros amigos na raia miñota: os cognados” de Helena Pousa Ortega, profesora de ensino secundario no IES San Paio de Tui, é unha achega á investigación sobre variación léxica dialectal na raia mollada. O estudo fundaméntase en enquisas sobre léxico relacionado con diferentes campos semánticos (a pesca, a agricultura, o cultivo da viña, o territorio e o corpo humano) e parellas de palabras relacionadas semanticamente (*fogo-lume*, *empurrar-puxar*, etc.). A autora analiza parte dos cognados atopados en ambas as marxes do río Miño, atendendo a varios aspectos: se os cognados presentan o mesmo significado coa mesma forma ou a mesma forma pero diferente significado, se aparecen ou non recollidos en dicionarios galegos e portugueses, se se trata de préstamos portugueses ao galego e se os cognados coinciden en todas as acepcións. Ao final do artigo, ofrécese un vocabulario da área estudada recollido no marco de diferentes traballos. Pousa Ortega destaca a necesidade de rexistrar léxico en perigo de desaparición e da súa «dicionarización» para establecer a súa forma estándar.

Nas conclusións do traballo, sinalase que o estudo da variación dialectal do léxico non permite determinar claramente a continuidade lingüística entre os dous lados do Miño, xa que o léxico tende a presentar unha variación dialectal máis complexa ca outros niveis lingüísticos. Tamén se observa que hai tanta variabilidade léxica nun lado do río coma no outro, o que semella indicar que non existe unha relación directa entre a variación léxica e o feito de que o galego posúa unha variedade normativa desde hai moito menos tempo ca o portugués. Sería interesante contar neste apartado con exemplos que ilustrasen as conclusións e cunha análise máis extensa dos datos que supera o mero levantamento.

O último artigo do volume (“Romances de fronteira na península ibérica”), do profesor José Enrique Gargallo Gil da Universitat de Barcelona, céntrase nas variedades lingüísticas faladas en áreas fronteirizas peninsulares. O autor identifica catro franxas peninsulares con dobre condición fronteiriza, lingüística e administrativa: Franja de Ponent ou Franja Oriental (Aragón), Franxa (galego estremeiro), La Franja aragonesa e a franxa de Valencia de Alcántara (Cáceres) e La Codosera (Badajoz). Unha das principais cuestións que se analizan neste artigo é a discrepancia entre os lingüistas á hora de determinar a filiación de variedades situadas en áreas fronteirizas.

Por último, debemos sinalar varios aspectos que caracterizan este volume: a cohesión temática que a excelente selección e organización dos artigos dá ao libro, a achega multidisciplinar a un tema tan complexo como é o estudo da lingua e da identidade na fronteira galego-portuguesa e, por último, a invitación que constitúe todo o libro a continuar coa investigación nunha área tan interesante e fértil.

María Beatriz Domínguez Oroña  
 Instituto da Lingua Galega  
 Universidade de Santiago de Compostela  
 mbeatriz.dominguez@usc.es